

Mércores, 12 de abril de 2023

Núm. 70

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****MOAÑA****Presupostos e cadros de persoal***APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO 2023**ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO 2022*

O Pleno do Concello de Moaña, na sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2023, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello e do Patronato Municipal Beiramar para o ano 2023, as Bases de Execución e o Cadro de Persoal.

O que se publica en cumprimento do ordenado e con aplicación do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 20 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril; e, en consecuencia, exponse ao público o expediente durante o prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP. PO), durante os cales os/as interesados/as poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, de acordo cos supostos taxados no artigo 170 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 22 do Real decreto 500/1990, de 20 de marzo.

Os documentos relativos ao citado expediente, publicaranse no Portal de Transparencia do Concello de Moaña (Indicador 3. Información económico e orzamentaria, 3.1 Orzamentos, 3.1.1 Orzamentos), ao que se accede a través da sede electrónica do Concello de Moaña (<https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>), a partir da data de publicación deste anuncio no BOP. PO, de conformidade co disposto na letra e) do artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá do prazo dun mes para resolvelas. Unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia.

Documento asinado dixitalmente ao marxe

